

# O OFICIAL E O ESPÍA

Roman Polanski, 2019

# 625

ESTREA EN NUMAX: 01.01.2020 | V.O.S.E. | +12

*J'accuse* (2019, 126')

**Dirección:** Roman Polanski

**Guión:** Roman Polanski (Novela: Robert Harris)

**Elenco:** Jean Dujardin, Louis Garrel, Emmanuelle Seigner, Grégory Gadebois, Hervé Pierre, Wladimir Yordanoff, Didier Sandre, Melvil Poupaud, Eric Ruf, Mathieu Amalric

**Son:** Lucien Balibar

**Fotografía:** Pawel Edelman

**Montaxe:** Hervé de Luze

**Dirección de arte:** Dominique Moisan

**Vestuario:** Pascaline Chavanne

**Música:** Alexandre Desplat

**Produtora:** Gaumont, Légende Films, Canal+, Eliseo Cinema, France 2, France 3, RAI Cinema (Francia, Italia)

**Distribuidora:** Caramel Films

**Formato de proxección:** DCP2K, 1.85:1

**Idioma orixinal:** Francés

## PREMIOS E FESTIVAIS

Venecia 2019 (Gran Premio do Xurado e Premio FIPRESCI), Premios do Cinema Europeo 2019 (Nomeada a mellor filme, director, guión e actor)

## FILMOGRAFÍA SELECCIONADA

*Un dios salvaje*, 2011

*El pianista*, 2002

*El quimérico inquilino*, 1976

*Chinatown*, 1974

*La semilla del diablo*, 1968

*Repulsión*, 1965

*El cuchillo en el agua*, 1962

## SINOPSE

Cando en 1895, Georges Picquart é ascendido a xefe da Intelixencia Militar do Exército francés, descobre que as probas que se utilizaron para condenar a Alfred Dreyfus, un dos poucos xudeus membros da Armada Francesa, foron fraudulentas e que Dreyfus nunca pasou información militar confidencial ao Imperio Alemán. Picquart decide entón dedicar unha década da súa vida a demostrar que Dreyfus é inocente aínda que poña en risco a súa carreira. Filme escrito e dirixido por Roman Polanski (*O Escritor*), cun guión baseado na novela de Robert Harris.

«Unha obra rigorosa e severa, que renuncia a todo efectismo para se poñer ao servizo da historia. Cinema de antano e do bo»

Tomasso Koch, EL PAÍS



## “É posíbel que hoxe se produzan casos similares ao de Dreyfus”

Entrevista con Roman Polanski

**Por que quixeches facer unha película sobre o Caso Dreyfus, un punto de inflexión simbólico na historia de Francia e Europa?** As grandes historias adoitan converterse en grandes filmes e o Caso Dreyfus é unha historia excepcional. A historia dun home acusado inxustamente sempre é fascinante, pero ademais é un tema moi actual se temos en conta o auxe do antisemitismo.

**Cal é a orixe do filme?** Cando era moi novo vin o filme norteamericano *La vida de Émile Zola* (William Dieterle, 1937) e a escena na que degradan ao Capitán Dreyfus impactoume moitísimo. Xa daquela pensei que algún día faría un filme sobre esta aterradora historia.

**Tivo que superar bastantes dificultades para facer o filme. O primeiro foi en que idioma facelo xa que os primeiros produtores cos que falou querían que fose en inglés.** Cando propuxen o proxecto hai sete anos aos meus amigos e socios do momento entusiasmolles a idea pero pensaron que era imprescindible facela en inglés

para acadar financiamento internacional, sobre todo en Estados Unidos. É certo que os filmes norteamericanos ambientados en Francia adoitan facerse en inglés. Era máis doado vender os filmes nos mercados internacionais. Mesmo Stanley Kubrick fixo en inglés *Senderos de gloria* (1957), o seu filme sobre a Primeira Guerra Mundial. Pero a verdade é que eu non vía a todos eses xenerais franceses falando en inglés. O público actual é máis sofisticado e está máis disposto a ver filmes e series de televisión no seu idioma orixinal con subtítulos.

**Como elixiron o cásting?** Jean Dujardin parecíanos perfecto para o papel de Picquart, ten a mesma idade e é un grande actor. Un filme desta envergadura precisa dunha estrela e el mesmo gañou un Oscar! Era unha elección natural e só faltaba saber se lle interesaba o proxecto. E descubrimos que estaba desexando facelo. Para narrar a historia elixiu o Coronel Picquart como protagonista. Nese intre, este hombre solteiro cunha amante casada que interpreta Emmanuelle Seigner é un outsider social e un antisemita natural. Porén, Picquart é un personaxe fascinante e complexo. Non é un antisemita activo. Non lle gustan os xudeus pero é máis por tradición que por crenza. É oficial de contraintelixencia e cando descobre que Dreyfus é inocente toma moi en serio o caso e decide desenmascarar a verdade.

**No seu filme vemos algúns carteis que din Morte aos xudeus. Cre que podería producirse outro caso Dreyfus a día de hoxe ou pérelle**

**impensábel?** Coa tecnoloxía actual sería imposible condenar unha persoa baseándose nunha análise de escrita defectuosa. E desde logo non no exército, xa que a mentalidade mudou bastante. Xa non é intocábel namentres que naquela época si o era. Pero é posíbel que se produzan casos similares. Temos todos os ingredientes para que suceda: acusacións falsas, procedementos xudiciais pésimos, xuíces corruptos e, sobre todo, redes sociais que condenan sen xuízo ou sen dereito de apelación.

**Este filme é unha caste de catarse para vostede?** Non, eu non traballo así. O meu traballo non é unha terapia. Pero recoñezo que estou familiarizado con moitos dos mecanismos do aparello de persecución que aparecen no filme e é certo que me serviron de inspiración.

Publicado en <http://www.caramelfilms.es>  
Tradución: Xan Gómez Viñas

### O director

Roman Polanski (París, 1933) inicia a súa obra a mediados do século XX converténdose axiña nun dos cineastas máis importantes a nivel mundial. Dáse a coñecer en Polonia con talentosas curtametraxes (*Dos hombres y un armario*) e a prestixiosa opera prima *El cuchillo en el agua*, que lle facilita traballar fóra do seu país: Reino Unido (*Repulsión, Callejón sin salida*), Estados Unidos (*La semilla del diablo, Chinatown*) ou Francia (*El quimérico inquilino*). Na última década asentouse no país galo onde estreou *El escritor, Un dios salvaje e La venus de las pieles*. Entre os seus numerosos galardóns atópase o Oscar á Mellor Dirección e a Palma de Ouro en Cannes por *El pianista* e o Globo de Ouro á Mellor Dirección por *Chinatown*.

### NA LIBRERÍA NUMAX

- Yo acuso. La verdad en marcha, Émile Zola.* Tusquets, 1998
- Roman Polanski, Joaquín Vallet Rodrigo.* Cátedra, 2018
- Pack Roman Polanski: Chuchillo en el agua / Piratas / El baile de los vampiros.* Divisa [DVD]
- Coffret Roman Polanski.* Arcadés [DVD]
- Chinatown, Roman Polanski.* Paramount [DVD]
- El quimérico inquilino, Roman Polanski.* Paramount [DVD]
- La semilla del diablo, Roman Polanski.* Paramount [DVD]
- El pianista, Roman Polanski.* DeAPlaneta [DVD / BluRay]
- La venus de las pieles, Roman Polanski.* Cameo [DVD]
- Confesiones de Roman Polanski.* Cameo [DVD]
- Basada en hechos reales, Roman Polanski.* eOne [DVD]
- ¿Qué?, Roman Polanski.* Filmax [DVD]
- Tess, Roman Polanski.* Divisa [DVD]

## ALDARA XA TEN O SEU ABONO REDUCIDO

E ti, a que  
agardas para  
abonarte?



Se ti xa es de NUMAX e queres compartilo, fai unha foto co teu abono e compártea.

#eusondenamax

## NUMAX

NUMAX, S. Coop. Galega  
Concepción Arenal, 9 baixo  
15702 Santiago de Compostela  
TELF 981 560 250 | [www.numax.org](http://www.numax.org)

